



ANUNCIO

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0492, con data de 24/02/2020, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de realización da proba práctica da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da policía local do Concello de Redondela, mediante o sistema de concurso-oposición, publicáronse integramente na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal-apartado de emprego público, persoal funcionario](http://www.redondela.gal-apartado-de-emplego-publico-personal-funcionario)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 16, do 24/01/2020.

O prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles iniciouse o día 27/01/2020 e rematou o día 31/01/2020.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0290, con data de 06/02/2020, pola que aprobaba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local.

O día 11/02/2020 finalizou o prazo para presentar alegacións á lista provisional de aspirantes.

Tras non presentarse alegacións neste periodo, é polo que, de acordo coas competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,



PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	LÓPEZ SÁNCHEZ, ALBERTO DAVID	*****396-A
2	PAMPILLÓN LÓPEZ, JOSÉ DELMIRO	*****674-Y

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Excluir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local, á seguinte persoa aspirante:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	IGLESIAS OTERO, OBDULIO	*****160-L	NON CUMPRIR CO REQUISITO DE ESTAR EN SERVIZO ACTIVO NO CONCELLO DE REDONDELA

Contra a resolución da alcaldesa, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.





TERCEIRO: Designar o tribunal cualificador do proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Enrique García Silva

Suplente: Lois Alberte Casás Curro

SECRETARIA:

Titular: Paloma Meno Rodríguez

Suplente: Cruz Castro Quintero

VOGAL:

Titular: Teodoro de la Peña Costas

Suplente: Xosé Ramón Mato Lodeiro

CUARTO: A constitución do tribunal terá lugar o:

DÍA: 04/03/2020

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Na Casa do Concello

QUINTO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da proba práctica da fase da oposición o:

DÍA: 04/03/2020

HORA: 10:30 horas

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n

SEXTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de realización da proba práctica da fase de oposición deste proceso selectivo.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: JAF97GRMDJ9NUNJW5ASWJMHQSY | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3